

#EUQUEDONACASA

# Propostas PT

C.E.I.P DE PAZOS

# 1. Presentación

Estimadas familias

Como van eses ánimos? Queda un pouquiño menos, non perdades o ánimo.

Presentamos este dossier, non sen antes aclarar que a labor da especialista de P.T. no CEIP de Pazos está moi ligada á propia titoría. É por isto que, no que vai de confinamento, estase traballando en labor de asesoramento e adaptación de materiais ás necesidades de cada un dos alumnos e alumnas, material de comprensión lectora ou outros materiais que poidan servir para traballar co alumnado no momento da incorporación ao cole.

A especialista de PT está tamén a adaptar o vocabulario dos temas de inglés que se están a repasar.

A maiores, propoñemos estas aplicacións que poidan resultar de interese:



## 2. Propostas


## APPYAUTISM

Appyautism trata de convertirse nun espazo útil para familias e profesionais á hora de escoller a app que mellor se adapta a cada un. Pretende ir un chisco máis alá das habituais recompilacións de apps e amosa un contido elaborado e seleccionado.

Conta tamén cun potente buscador e amplía o alcance para incluír todas as plataformas informáticas utilizadas hoxe en día nos sistemas operativos Android ou iOS ou noutras contornas como Windows, Mac, etc.

## DÍA A DÍA

funciona como un sinxelo calendario no que gardar e revisar todas as actividades diarias de forma visual e estruturada. Ademais de fotografías, admite tamén vídeo e gravación daquelas actividades recorrentes para telas sempre dispoñibles e poder traballalas en forma de anticipación. Podemos tamén configurar as actividades en varios momentos do día e asociar a actividade a persoas concretas, lugares cotiáns,...




## EMOPLAY

Trátase dunha aplicación que fai uso da webcam ou cámara integrada para traballar as emocións como ledicia, tristura ou enfado, de xeito sinxelo. Tras a elección da emoción a traballar e unha explicación tanto da expresión facial asociada como dunha situación na que aplicala, o usuario debe realizar os xestos que determinan esa emoción (por exemplo, sorrir para expresar alegría) e EmoPLAY analizará automaticamente a súa imaxe, indicando se a expresión é axeitada ou non.

## SÍGUEME

é unha aplicación pensada para potenciar a atención visual e adestrar a adquisición do significado. Preséntanse seis fases: atención, vídeo, imaxe, debuxo, pictograma e xogos e que van dende a estimulación basal ata a adquisición de significado a partir de vídeos, fotografías, debuxos e pictogramas. Así, por exemplo, nunha primeira fase (ATENCIÓN), amósanse unha serie de secuencias animadas (espirais, círculos, liñas...) e que teñen como obxectivo captar a atención a través de estímulos visuais e auditivos.

Gradualmente, nas seguintes fases trabállase a abstracción e a asociación e xeneralización de conceptos a través de elementos cotiás representados en vídeos, imaxes en 3D, fotografías, Pictogramas... ata chegar a unha última fase de actividades de categorización e asociación mediante xogos.



## **JOSÉ APRENDE**

Unha colección de contos adaptados a pictogramas para aprender mentres te diviertes. Apoia a Fundación ORANGE.

## **MITA**

É unha aplicación con atractivas actividades interactivas deseñadas para axudar aos nenos e nenas a aprender como integrar mentalmente múltiples obxectos, unha habilidade que demostrou que mellora considerablemente o proceso de aprendizaxe do neno.

O uso constante de MITA pode lograr melloras significativas no desenvolvemento xeral do neno, especialmente nas áreas da linguaxe, atención e habilidades visuais.


## **AUTISMIND**

Aplicación de intervención temperá, única no seu tipo para nenos con autismo, con retraso madurativo, dificultades de aprendizaxe... para estimular o pensamento social e a Teoría da Mente. Consta de 10 temas diferentes, con 6 niveis de dificultade e máis de 1000 exercicios lúdicos e materiais interactivos.

Conciencia fonolóxica: é a habilidade para recoñecer e usar os sons da linguaxe falada. É a base para aprender a ler. Algúns nenos enténdena dun xeito natural, pero outros precisan que se lles ensine. É por isto desenvolvemos esta app con cinco xogos, para que que nenos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo a poida adquirir dun xeito ameno e divertido. Podes crear a túa propia ficha en función da necesidade que desexes practicar máis co neno ou nena. Con estes xogos educativos traballarán os fonemas, aprenderán vocabulario e desenvolverán a psicomotricidade fina e a coordinación óculo-manual

## **ABC AUTISMO**

Un mundo de actividades coloridas e pedagóxicas baixo os fundamentos da metodoloxía TEACHH





AGARDAMOS QUE VOS GUSTEN!

SEGUIREMOS APORTANDO APLICACIONES E ACTIVIDADES  
QUE VOS POIDAN SER DE UTILIDADE.

NON DUBIDEDES EN POÑERVOS EN CONTACTO CON NOS  
PARA CALQUERA DÚBIDA OU SUXESTIÓN.

ÁNIMO!